

RESOLUCIÓN DO 12 DE AGOSTO DE 2026 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A NA MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL

ANTECEDENTES

Debido á necesidade de compatibilizar a vida profesional e persoal coa formación, a Consellería do Mar contempla a modalidade da teleformación para os cursos de mariñeiro/a pescador/a, tal como indica a *Orde do 5 de xuño de 2026*, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, esta dirección xeral convoca un curso de mariñeiro/a pescador/a, na modalidade de teleformación, que se xestionará e titorizará desde a **Escola oficial Náutico Pesqueira de Ferrol**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Os Reais Decretos 4189/1982, do 29 de decembro, 1283/1987 do 2 de outubro, 1378/1997 do 29 de agosto e 1749/1999 do 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueiras

Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira

Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro

No Decreto 210/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no artigo 12 apartado 1.c) establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndelle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

Orde de 5 de xuño de 2026 pola que se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 21 establece que os cursos regulados nesta orde poderán realizarse na modalidade de teleformación.

De acordo con todo o indicado anteriormente, esta dirección xeral **RESOLVE:**

Convocar un curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación que será titorizado por persoal pertencente á Consellería do Mar.

Primeiro. As datas de prematrícula, matrícula e realización do curso, así como o número de prazas son as seguintes:

Datas de prematrícula: dende as 08:00h do 12/08/2026 ata as 15:00h do 31/08/2026

Datas de matrícula: 10 días naturais contados a partir do día seguinte a facerse pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso (no portal web de teleformación da Consellería do Mar).



A relación das persoas admitidas será establecida en función da hora e do día da prematrícula.

Datas do curso: do 24 de setembro ao 24 de outubro de 2026

Número de prazas: 60

A teleformación e o seguimento vía web do curso de mariñeiro/a pescador/a farase a través da "Aula virtual", á que se pode acceder desde o portal de teleformación da Consellería do Mar a través da URL:

<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>

Contarase con asistencia titorial co obxecto de resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Segundo. Condicións de acceso a prematrícula do curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación

As persoas interesadas poderán facer a prematrícula no portal de teleformación da Consellería do Mar a través da URL:

<https://mar.xunta.gal/gl/formación/informacion-do-alumnado/teleformacion>

Para realizar a prematrícula será necesaria a identificación mediante o sistema de usuario e clave Chave365 ou un certificado electrónico.

A Chave365 pode solicitarse por dúas vías: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento de alta en Chave365 ou, se o prefire, de forma presencial en calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realizan funcións de rexistro de usuarios Chave365, e que pode consultar en <https://www.xunta.gal/chave365/solicitud>

Tamén é necesario que as persoas usuarias da plataforma dispoñan dunha conta de correo electrónico persoal.

A prelación de admitidos/as ao curso será a establecida en función da hora e do día da prematrícula. Crearase unha lista de agarda por rigoroso orde de prematrícula a partir da última persoa admitida no curso. Esta lista poderá empregarse en caso de producirse baixas na matrícula do curso.

Terceiro. Prazos e documentación para formalizar a matrícula do curso.

Establécese un prazo de matrícula de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao que se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso, na mesma dirección en que fixo a prematrícula (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formación/informacion-do-alumnado/teleformacion>).

As condicións de acceso e a documentación necesaria para matricularse no curso están recollidas no artigo 16 da Orde do 5 de xuño de 2026.

A documentación a presentar é a seguinte :

- 1) Solicitud segundo modelo que figura como anexo II da Orde do 5 de xuño de 2026 (PE607C)
- 2) DNI ou NIE, no caso de que a persoa interesada non permita a súa consulta. Copia do pasaporte (so para aqueles solicitantes que non dispoñan de DNI ou NIE).



3) Declaración responsable (marcar na solicitude PE607C) de posuír aptitude física para realizar unha proba de natación e de ter coñecementos básicos nunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

4) Xustificante de aboamento de taxas, que otorgan o dereito á realización do exame, agás que o pagamento da taxa se inicie e finalice electrónicamente a través da sede electrónica, nese caso non será preciso achegar dito xustificante.

Os códigos das taxas son os seguintes:

Taxa: código 30.19.00

Consellería do Mar: código 12

Servizos Centrais: código 13

Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras: código 05

Cuarto. Presentación de documentación

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II do procedemento PE607C) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén poderán presentarse directamente nas secretarías dos centros de ensino correspondentes.

Para a presentación das solicitudes electrónicas poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

Se a documentación presentada non fose correcta ou estivese incompleta, requirirase á persoa solicitante para que a emende. En caso de non facelo, entenderase que desiste da súa petición e renuncia o curso.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

O listado definitivo de persoas admitidas e excluídas publicárase no portal web de teleformación da Consellería do Mar (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formación/informacion-do-alumnado/teleformacion>) e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino desta consellería.

As persoas admitidas no curso recibirán a confirmación da matrícula mediante unha mensaxe enviada ao seu correo electrónico. A través das credenciais remitidas a ese mesmo enderezo, poderán acceder á *Aula virtual*.

Quinto. Requisitos para acceder ao exame final do curso de teleformación de mariñeiro/a pescador/a

Unha vez rematado o curso de teleformación realizarase un exame final ante un tribunal, tal como se establece o artigo 24 da Orde de 5 de xuño de 2026 sendo necesario para presentarse a esta proba cumprir cos seguintes requisitos:

- Será obrigatorio revisar todos os módulos multimedia, así como realizar os correspondentes cuestionarios tipo test, que se poderán facer todas as veces que sexa





necesario e sen límite de tempo; sendo a nota final a cualificación máis alta dos intentos realizados. É necesario ter nos cuestionarios un 50% de respostas correctas

- Ademais será necesario ter superada unha proba de natación para poder realizar este exame.

A listaxe de persoas que superaron o curso e que teñen dereito a presentarse ao exame final, así como a relación de persoas excluídas, publicaranse no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

Disporase dun prazo de 3 días hábiles para presentar reclamacións contra esta listaxe

A información do día e da hora de realización da proba de natación e do exame final do curso publicarase no portal web de teleformación da Consellería do Mar, e terá lugar na Escola oficial Náutico pesqueira de Ferrol.

As persoas que non superen o exame poderán presentarse a unha nova convocatoria no prazo dun ano, logo de solicitude de pagamento das correspondentes taxas (código 30.19.00) que otorgan o dereito á realización do exame e logo de ser autorizado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Sexto.

Unha vez rematado o exame, o tribunal publicará no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino unha copia do exame, así como a folla coas respostas correctas, co fin de que as persoas interesadas poidan verificar o resultado do seu exercicio.

Tras a corrección dos exames, o tribunal fará pública a listaxe provisional de cualificacións nos mesmos lugares indicados anteriormente.

As persoas interesadas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde a publicación da listaxe provisional, para presentar reclamacións ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións, o presidente/a do tribunal ditará resolución coa listaxe definitiva de cualificacións.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación da Consellería do Mar.

Sétimo.

Contra a resolución do presidente/a do tribunal, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da lista de cualificacións definitivas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Ángeles Vázquez Suárez





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

Xacobeo  2027

